


Sr. Alcalde - Presidente do Concello de
TOURO:_____

Teño o honor de remitir a V.I. Edito de acta de notoriedade, da finca que se reseña no edito, radicante no Concello de Touro, para ser fixado no tableiro de anuncios do Concello por un tempo mínimo de vinte días e co rogo de que dispoña o que proceda para que así se faga e cumprido me sexa devolto con expresión de terse executado dito trámite.-----

En Arzúa, a once de Xuño do ano dous mil
vinte e séis._____



Asdo. José María Gamallo Aller
Notario de ARZÚA.-



JI1268333

02/2026



0,15 €

**E D I T O**

Eu, JOSE MARIA GAMALLO ALLER, Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia, con residencia en Arzúa,

FAGO CONSTAR:

Que nesta Notaría, a instancia de **DON JAVIER ARTEAGA LISTE**, maior de idade.-N.I.F. 33.270.349-K.

Tramítase ACTA DE NOTORIEDADE, co fin de acreditar como probado por notoriedade que a finca que se describe a continuación pertenceu a Don Ramón Arteaga Rendo, dende a lo menos o 1 de Xaneiro de 2.013, ata o seu falecemento o día 30 de Xaneiro de 2.014, finca sita na Parroquia de Foxás, Lugar de Grixó, Concello de Touro:

Casa de mais de cen anos, que consta no catastro como de planta baixa, de cento doce metros cadrados como total construído e de parcela ocupada por esta casa, con terreo unido, no que existe outra casa do século anterior, de baixo e piso, de oitenta metros cadrados por planta, dos que na planta baixa catastralmente figuran corenta e dous por terse destinado a cuadras a superficie restante. Forma todo un conxunto de quince áreas, cincuenta e oito centiáreas, que linda: Norte, camiño; Sur e Leste, Ramón Arteaga Rendo hoxe Javier Arteaga Liste; e Oeste, Ramón Leis Gago.

REFERENCIA CATASTRAL: 001900900NH54A0001QU.-

Durante un prazo de vinte días naturais, dende a exposición deste Editto, poderán os interesados comparecer nesta Notaría, sita en Arzúa, Rúa de Lugo, 2-2º, en horas de despacho, para alegar o que estimen oportuno en defensa dos seus dereitos.

Arzúa, a once de Xuño do ano dous mil vinte seis.-

Jose Maria Gamallo Aller